

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

***Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros. (DOG 13/04/1999). Modificado polo Decreto 126/2008, do 19 de xuño (DOG 23/06/2008).***

O Estatuto de Autonomía para Galicia, no seu artigo 31 establece a competencia plena desta Comunidade para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, en coherencia co dereito que temos tódolos cidadáns do Estado Español segundo o disposto no artigo 27 da Constitución Española e as leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, reestructurou, desde perspectivas renovadoras, o conxunto do sistema educativo. Liñas fundamentais desta reforma foron a ampliación ata os dezaseis anos da educación obrigatoria e gratuíta, o establecemento da educación infantil, primaria, e secundaria obrigatoria como novas etapas educativas e a definición dun marco normativo moderno para o bacharelato e a formación profesional. Esta Lei Orgánica dedica todo o Título III á educación das persoas adultas no que se garante que poidan adquirir, actualizar, completar ou ampliar coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

As directrices recollidas no Título III da precitada Lei comportan elementos importantes na educación de adultos canto á súa organización e metodoloxía, canto á súa oferta e as posibles modalidades destacando a importancia da educación a distancia pola súa función instrumental estratéxica, así como a pluralidade de tipos de centros na que pode impartirse.

Posteriormente, a Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia, estableceu a necesidade de promover a necesaria coordinación entre a formación cultural e o desenvolvemento laboral e profesional das persoas adultas e a posibilidade de desenvolver unha formación continuada dos galegos nun proceso permanente de formación-traballo, utilizado de forma voluntaria e alternativa.

Ámbalas dúas normas establecen os obxectivos e os fins da educación de persoas adultas que deben posibilitar o desenvolvemento persoal e profesional dos cidadáns e as súas posibilidades de participación nos ámbitos social, cultural, político e económico. A educación das persoas adultas deberá atender preferentemente aqueles grupos ou sectores sociais con carencias e necesidades de formación ou con dificultades para a súa inserción laboral, promovendo a igualdade de oportunidades na consecución das habilidades consideradas básicas que permitan a participación de forma libre e autónoma na sociedade e na cultura.

Non obstante, a finalidade da educación de adultos debe transcender do simple carácter compensatorio ou de segunda oportunidade buscando unha visión moito máis ampla que persiga o desenvolvemento dos individuos e dos grupos sociais baseándose na potenciación da igualdade de oportunidades. Debe dar resposta a cuestións sociolóxicas

tales como a necesidade de adquisición de coñecementos derivado do crecemento do nivel cultural e da evolución ininterrompida do medio social, que provoca profundos e constantes cambios nos modos de vida, nos costumes e nas formas de organización social e sempre sen esquecerse dos procesos de ensinanza-aprendizaxe necesarios para obter unha titulación ou para resolver unhas necesidades persoais, sociais ou de tipo profesional.

Neste senso, a organización e a metodoloxía da educación de adultos basearase na autoaprendizaxe, en función das experiencias, necesidades e intereses, a través da ensinanza presencial e, polas súas adecuadas características, da educación a distancia servindo de orientación para selecciona-lo coñecementos considerados prioritarios na experiencia global e que duren toda a vida para o logro dos catro principios da educación do século XXI que promove a UNESCO: aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos e aprender a ser.

A educación de adultos posibilitará o logro dos catro principios a través dunha formación básica e de calidade, facilitando o desenvolvemento integral e harmónico da persoa adulta dentro da sociedade e potenciará a formación necesaria para atender-lo dinamismo dos procesos productivos e tecnolóxicos, que repercuten no ámbito laboral e profesional, así como as novas especialidades e campos profesionais que emerxen esixindo unha maior cualificación.

Desde esta perspectiva da educación como tarefa continuada e permanente no desenvolvemento da vida das persoas, formulase unha serie de necesidades ás que se lles debe dar unha resposta axeitada, achegando tódolos recursos posibles e aportando de forma coordinada tódolos esforzos realizados tanto por institucións públicas como privadas para continuar enchendo de contido real os compromisos adquiridos coa implantación de todo o sistema educativo.

En coherencia coas dúas leis citadas, que constitúen o punto de referencia obrigada para o desenvolvemento da educación de adultos, e con miras a cohesionalas e complementalas, o presente Decreto obedece á vontade, amplamente compartida pola sociedade galega de desenvolver con garantías plenas o dereito á educación das persoas adultas, cunha oferta de calidade para todos sen discriminación.

Tendo en conta as finalidades, orientacións e propósitos, preséntase o texto articulado do Decreto, no que se fai referencia á estrutura, organización, funcionamento e regulamentación xeral da educación das persoas adultas.

Así mesmo, trata das ensinanzas e campos fundamentais de actuación na educación das persoas adultas, establecendo unha división tanto na súa finalidade como para a obtención dun título, a adquisición dunha formación na aprendizaxe de idiomas, para proporcionar unha formación socio-cultural e a preparación para a inserción no mundo laboral.

Son obxecto de tratamento tamén os distintos aspectos que teñen que ver coas modalidades de educación a distancia,

presencial e semipresencial: a súa definición, acceso, oferta e autorización de ensinanzas. Non obstante, a modalidade semipresencial, despois da experiencia acumulada durante os últimos anos na educación a distancia, na que se incorporan actividades de orientación e titoría, podemos considerar que está integrada dentro da definición que lle corresponde, neste Decreto, á educación a distancia.

Por último, o texto determina os requisitos que deberán reuni-los centros de educación e promoción de adultos e define os procedementos de matriculación, validación e promoción dunhas ensinanzas a outras, así como os títulos e acreditacións que se poden adquirir ó cursa-las ensinanzas recollidas neste Decreto.

En suma, o presente Decreto dá un novo pulo á educación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia e desenvolve e completa un marco legal que, con toda seguridade, permitirá un avance na educación de adultos que se traducirá nunha mellora da calidade da enseñanza.

Na súa virtude, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e por proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo dos informes do Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos e do Consello Escolar Galicia, oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día once de marzo de mil novecentos noventa e nove,

## **DISPOÑO:**

### **Capítulo I Disposicións xerais**

#### Artigo 1.-

O presente Decreto ten por obxecto regula-la estrutura, organización, funcionamento e regulamentación xeral das ensinanzas para persoas adultas dentro do ámbito da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e da Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 2.-

1. A educación e promoción das persoas adultas no ámbito do sistema educativo non universitario comprende o conxunto de accións de carácter educativo, cultural, social e profesional orientadas a tódolos cidadáns que superaron a idade de escolaridade obrigatoria que lles posibilite acadar-los niveis educativos e profesionais e a súa formación persoal, así como a súa integración e promoción satisfactoria no mundo social e laboral, prestando unha atención especial a aqueles grupos sociais máis desfavorecidos.

2. Con tal fin, a administración educativa promoverá a colaboración das institucións culturais, profesionais, sindicais, empresariais e universitarias e fomentará a realización de convenios de colaboración con todas aquelas institucións, entidades e empresas públicas e privadas que leven a cabo actividades paralelas ou estean dispostas a emprendelas. Así mesmo, a administración educativa fomentará a relación e coordinación das accións que nesta materia realicen as distintas consellerías e institucións da Comunidade Autónoma, e as doutras entidades e organismos.

#### Artigo 3.-

1. As ensinanzas de educación de persoas adultas terán como finalidade:

- a) A formación básica, entendida como aprendizaxe complementaria dunha instrucción deficiente en atención ás esixencias da sociedade actual.

b) A formación para o mundo laboral, considerada como aprendizaxe inicial que posibilite a inserción no mundo do traballo, así como a actualización e o perfeccionamento dos coñecementos que para o exercicio dunha profesión ou dun oficio esixa o cambio constante do sistema productivo.

c) A formación e actualización cultural, con especial incidencia no coñecemento do idioma e da cultura galegos.

2. A administración educativa promoverá medidas tendentes a ofrecer a tódolos cidadáns a oportunidade de adquirir-los coñecementos equivalentes á educación básica e de acceder ós niveis ou graos das ensinanzas non obrigatorias.

#### Artigo 4.-

A educación de persoas adultas abrangue as ensinanzas regradas, as non regradas, a formación para o mundo do traballo e actividades de formación socio-cultural. Estas ensinanzas poderán seguirse mediante as modalidades presencial, semipresencial e a distancia.

A modalidade presencial caracterízase pola asistencia continuada dos alumnos ós centros, en horarios compatibles co traballo, para realiza-las actividades previstas nos correspondentes programas.

A modalidade semipresencial é a dirixida a aqueles que, por diversas circunstancias, presentan dificultades para unha asistencia continuada ó centro; a súa aprendizaxe apoiárase no emprego dos diferentes medios de comunicación e nos actos presenciais periódicos para actividades de orientación, tutoría e prácticas.

A modalidade a distancia, dirixida preferentemente á poboación adulta con dificultades de desprazamento ou asistencia, utilizará un ou varios medios de comunicación para a ensinanza-aprendizaxe e actos presenciais para actividades de orientación, tutoría e prácticas.

## **Capítulo II**

### **Ensinanzas e campos fundamentais de actuación**

#### Artigo 5.-

Nos centros nos que se imparta educación de persoas adultas poderanse cursa-las ensinanzas recollidas neste artigo, dos niveis educativos e profesionais regulados na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e na Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos.

1. Ensinanzas regradas conducentes á obtención dun título:

a) Ensinanzas iniciais do ensino básico para as persoas adultas. Tales ensinanzas estruturase en dous niveis, I e II. O primeiro nivel incluírá os coñecementos necesarios para adquiri-las destrezas de lecto-escritura, razoamento matemático e cálculo. O segundo nivel debe incluí-los coñecementos do ámbito matemático, da comunicación e do medio socio-cultural e natural necesarios para constituí-los coñecementos previos que permitan o acceso ó currículo conducente á obtención do título de graduado en educación secundaria. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá adapta-lo currículo da educación primaria

establecido na Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 245/1992, do 25 de febreiro, adecuando ás características, condicións e necesidades da poboación adulta, de acordo coas esixencias de organización e metodoloxía da educación de persoas adultas na modalidade presencial, axustándose ós niveis mínimos establecidos no Decreto mencionado anteriormente.

b) Ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria, ou nivel III. Organizaranse en catro ámbitos de coñecemento cunha concepción interdisciplinar, de estrutura modular, podendo cursarse en dous anos académicos a través da modalidade presencial ou a distancia. Terá un currículo específico e adecuado ás características e necesidades da poboación adulta, tendo como referente o currículo da educación secundaria obrigatoria establecido no Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, e no Decreto 331/1996, do 26 de xullo, axustándose ós niveis mínimos establecidos.

c) Ensinanzas de bacharelato. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá adapta-lo currículo do bacharelato establecido na Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 275/1994, do 29 de xullo, adecuándoo ás características, condicións e necesidades da poboación adulta, de acordo coas esixencias de organización e metodoloxía da educación de persoas adultas na modalidade presencial, preferentemente en horario vespertino, e a distancia.

d) Ciclos formativos de grao medio e grao superior. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adecuará as ensinanzas dos ciclos formativos ás peculiaridades e características das persoas adultas. En particular, regulamentará a forma en que os centros debidamente autorizados poderán oferta-los ciclos formativos de forma presencial, preferentemente en horario vespertino, e a distancia.

## 2. Ensinanzas non regradas

### 2.1. Formación para a aprendizaxe de idiomas:

- a) Cursos de iniciación e perfeccionamento de galego.
- b) Ensinanza de idiomas conducente ó diploma de ciclo elemental e superior das escolas oficiais de idiomas.

### 2.2. Formación para o mundo laboral:

- a) Programas de garantía social.
- b) Formación para a obtención dos certificados de profesionalidade e programas que posibiliten a orientación e a inserción no mundo laboral, así como a promoción profesional, sen prexuízo das competencias da administración laboral.
- c) Preparación para a proba de acceso ós ciclos formativos de grao medio e superior.

### 2.3. Preparación para as probas libres de bacharel e para o acceso á universidade:

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá en determinados centros ensinanzas para a obtención do título de bacharel a través da proba libre para maiores de 23 anos e formación para a preparación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

#### 2.4. Actividades de formación socio-cultural:

a) Programas integrados que, respondendo ós obxectivos marcados na Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, e na Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, resulten da colaboración de organismos, institucións, entidades e empresas públicas ou privadas.

b) Programas elaborados para o necesario coñecemento da economía, xeografía, sociedade, historia, natureza e cultura galegas.

c) Programas de desenvolvemento comunitario e de animación socio-cultural que, no ámbito da administración educativa, estean orientados á consecución das finalidades que se indican no artigo 3 deste Decreto.

### **Capítulo III Educación a distancia**

#### Artigo 6.-

1. A través da modalidade a distancia poderanse oferta-las ensinanzas dos niveis educativos e profesionais que se determinen, así como o progreso neles, de entre as recollidas neste Decreto e que non requiran a presenza directa de alumnos. En todo caso, teranse en conta no desenvolvemento do currículo as especiais características desta modalidade e a poboación á que se destina esta oferta educativa, respectando as ensinanzas mínimas a que se refire o apartado 2 do artigo 4 da LOXSE.

2. Pola especial significación para a promoción persoal, social e laboral das persoas adultas, considéranse ofertas educativas prioritarias para esta modalidade educativa as ensinanzas correspondentes ó currículo establecido para a consecución do título de graduado en educación secundaria ou nivel III, ciclos formativos de grao medio e superior, ensinanzas para a obtención do título de bacharel e as ensinanzas de idiomas.

3. A educación a distancia adecuarase ás circunstancias de cada alumno, flexibilizando ritmos de aprendizaxe e períodos de matrícula e, ademais, poderá realizarse na totalidade ou só en parte das áreas, ámbitos, materias ou módulos que configuran a modalidade educativa elixida.

#### Artigo 7.-

A ensinanza a distancia impartirase naqueles centros que autorice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### **Capítulo IV**

#### **Acceso ás ensinanzas de adultos**

#### Artigo 8.-

Para cursa-las ensinanzas que levan á obtención dun título deberase estar en posesión dos requisitos esixidos para o acceso ás ensinanzas que levan a ese título.

#### Artigo 9.-

Para o acceso á educación secundaria (nivel III), ós ciclos formativos e ós bacharelatos será necesario ter cumpridos 18 anos ou cumprilos no ano natural no que comeza o curso escolar.

#### Artigo 10.-

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará o procedemento polo que, debido a circunstancias excepcionais acreditadas, poderá autoriza-lo acceso ás ensinanzas de adultos daquelas persoas que non posúan a idade requirida.

### **Capítulo V Centros**

#### Artigo 11.-

As ensinanzas de adultos poderán impartirse tanto en centros específicos de educación e promoción de adultos como nos centros ordinarios de ensino non universitario de natureza pública ou privada que autorice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 12.-

Centros específicos de educación e promoción de adultos son os centros que contan con edificio e recursos humanos propios, impartindo unicamente programas de formación de persoas adultas que teñen por obxecto desenvolver os programas de actuación regulados no presente Decreto.

#### Artigo 13.-

A creación e supresión dos centros públicos específicos de educación e promoción de adultos da Comunidade Autónoma de Galicia correspóndenlle ó Goberno da Xunta de Galicia mediante Decreto, por proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 14.-

A apertura e funcionamento dos centros docentes privados que impartan ensinanzas de adultos das contempladas neste Decreto someteranse ó principio de autorización administrativa, que se concederá sempre que reúnan os requisitos mínimos recollidos neste Decreto. O procedemento de solicitude será o que contemple a normativa vixente.

#### Artigo 15.-

Cando o centro docente privado deixe de cumprir os requisitos mínimos establecidos no presente Decreto, a Administración educativa competente, de oficio ou a instancia dos interesados, e previa a instrucción de expediente, no que se dará audiencia ó titular do Centro, e outorgamento dun prazo para, no seu caso, corrixi-las deficiencias, procederá, non cumprindo os requisitos mínimos establecidos, mediante resolución motivada, a revoga-la autorización.

## Artigo 16.-

Tanto os centros públicos coma os de natureza privada a que se refiren os artigos anteriores inscribíranse nun rexistro de centros de educación e promoción de adultos, que se establecerá na Dirección Xeral de Centros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante o procedemento que contemple a normativa vixente.

## **Requisitos mínimos que deben cumprir os centros específicos de educación e promoción de adultos**

### Artigo 17.-

Tódolos centros específicos de educación e promoción de adultos que imparten especialidades contempladas no sistema educativo deberán estar en condicións, cando menos, de impartir as ensinanzas correspondentes ós niveis I, II, e III da educación básica de adultos. Para tal efecto deberán reunir os requisitos e condicións que se sinalan:

1. Deberán reunir as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade, de seguridade e de supresión de barreiras arquitectónicas que se sinalan na lexislación vixente, ademais dos requisitos que se establecen neste Decreto.
2. Un edificio específico e, no seu defecto, acceso independente desde a rúa.
3. Terán, polo menos, unha unidade por cada unha das ensinanzas básicas iniciais (de nivel I e nivel II) e dúas unidades para as ensinanzas de educación secundaria (nivel III).
4. Cada unidade das citadas deberá ter como mínimo unha superficie dun metro e medio cadrado por posto escolar e en ningún caso terá menos de 40 metros cadrados.
5. Unha aula de tecnoloxía de 60 metros cadrados.
6. Unha aula de uso polivalente de 40 metros cadrados.
7. Unha aula laboratorio de ciencias da natureza de 40 metros cadrados.
8. Unha biblioteca de 45 metros cadrados.
9. Aseos e servizos hixiénico-sanitarios en número axeitado á capacidade do centro, tanto para alumnos e alumnas como para profesores e profesoras.
10. Espacios suficientes para despachos de dirección e actividades de coordinación e orientación.
11. Unha secretaría.
12. Unha sala de profesores de tamaño axeitado ó número de postos docentes que, en ningún caso, será inferior a 30 metros cadrados.
13. Un local axeitado para reunións de asociacións de alumnos, no caso de centros públicos.

### Artigo 18.-

Aqueles centros que ademais das ensinanzas correspondentes a educación básica de adultos impartan outras ensinanzas das recollidas no capítulo II do presente Decreto deberán reunir ademais os requisitos establecidos para o efecto, con carácter xeral, na normativa aplicable.

### Artigo 19.-

A educación de adultos contará cos servizos de orientación educativa e profesional, con independencia do centro onde se imparta.

## **Capítulo VI**

### **Profesorado e outros profesionais da educación de adultos**

#### Artigo 20.-

a) As ensinanzas iniciais do ensino básico para as persoas adultas, niveis I e II, serán impartidas nos centros públicos de educación e promoción de adultos polo profesorado do corpo de mestres.

b).- Cando non existan funcionarios co perfil profesional adecuado e as necesidades dos programas que hai que desenvolver o esixan, a Consellería de Educación poderá establecer convenios de colaboración con institucións públicas ou privadas que permitan a contratación ou incorporación ós centros de adultos de profesionais non funcionarios coa titulación adecuada.

#### Artigo 21.-

O profesorado que imparta as ensinanzas conducentes ó título de Graduado en Educación Secundaria será o que prevén as disposicións adicional décima e transitoria cuarta da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

#### Artigo 22.-

As demais ensinanzas serán impartidas polo profesorado que prevé a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e as disposicións que a desenvolven.

#### Artigo 23.-

A dotación do profesorado e a provisión de postos docentes nos centros específicos de educación e promoción de adultos efectuarase a través dun concurso de traslados específico. O contexto xeral virá determinado polo sistema ordinario de provisión de postos docentes no que se terá en conta entre outros méritos, ademais dos establecidos no sistema ordinario de provisión, a experiencia en ensinanza de adultos en centros EPA, así como a formación acreditada.

#### Artigo 24.-

Así mesmo, a provisión de vacantes do profesorado correspondente ó corpo de mestres nos centros ordinarios cubrirase por concurso de traslados específico no que se terá en conta, entre outros méritos, a experiencia en ensinanza de adultos.

#### Artigo 25.-

Nas entidades, institucións ou centros que se autoricen para o efecto, estas ensinanzas serán impartidas por persoas que posúan o título de mestre ou titulacións recollidas na Orde do 11 de outubro do 1994 (BOE do 19), por persoas que posúan as titulacións mínimas para impartir a ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato recollidas na Orde do 24 de xullo de 1995 (BOE do 4 de agosto) ou persoas que posúan as titulacións mínimas e condicións recollidas na Orde do 23 de febreiro de 1998 (BOE do 27), segundo corresponda.

## **Capítulo VII Formación do profesorado**

## Artigo 26.-

1. A administración educativa organizará as actividades de formación necesarias para que o profesorado que imparta a educación e promoción de adultos acade a formación didáctica adecuada.

2. Os profesores que impartan ensinanzas a persoas adultas realizarán actividades de formación e perfeccionamento que sexan convocadas dentro dos plans anuais de formación permanente, co fin de conseguir unha perfecta adecuación a esta modalidade de ensino.

## Capítulo VIII Matriculación, validacións e promoción

### Artigo 27.-

Os períodos de matrícula, nas ensinanzas que se impartan nos centros de educación e promoción de adultos, serán determinados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Artigo 28.-

Para os efectos académicos e de validacións, as equivalencias dos módulos para as persoas adultas con estudos realizados nas ensinanzas establecidas pola Lei 14/1970, xeral de educación, e na educación secundaria obrigatoria son as que recolle o anexo deste Decreto.

### Artigo 29.-

A impartición das ensinanzas de adultos nun centro autorizado requirirá do número mínimo de alumnos que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 30.- *Redacción dada pola modificación introducida polo Decreto 126/2008, do 19 de xuño (DOG 23/06/2008)*

Cambios de réxime de ensinanza.

a) O alumnado procedente do bacharelato ordinario poderá incorporarse ao bacharelato para persoas adultas en calquera das súas modalidades, presencial ou a distancia. Igualmente, poderá incorporarse ao bacharelato ordinario procedente do bacharelato para persoas adultas. O cambio de réxime de ensinanzas realizarase nos prazos e condicións que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) O alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas con materias superadas do bacharelato ordinario conservará a cualificación positiva destas no réxime de persoas adultas.

c) O alumnado que se incorpore ao bacharelato ordinario procedente do bacharelato para persoas adultas conservará tamén as cualificacións das materias cursadas e superadas neste.

d) O alumnado poderá matricularse nas ensinanzas para persoas adultas por ámbito, curso ou bloque completos, ou por módulos ou materias illadas, de acordo coa regulación que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## Artigo 31.-

As persoas adultas poderán permanecer cursando as ensinanzas de adultos o tempo que o seu ritmo de aprendizaxe precise para a adquisición dos coñecementos establecidos.

## Artigo 32.-

Os equipos de profesores dos centros que impartan o ensino básico para as persoas adultas deberán establecer no proxecto curricular do centro os criterios de promoción tanto de nivel e curso como de módulos.

## Capítulo IX Títulos e acreditacións

### Artigo 33.-

1. De acordo co establecido no artigo 19 e na disposición adicional do Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, as ensinanzas do nivel III conducen ó título de graduado en educación secundaria. En consecuencia, ós alumnos e alumnas que ó termo do nivel III do ensino básico para as persoas adultas acaden os obxectivos xerais establecidos, expediráselle-lo título de graduado en educación secundaria, que os facultará para acceder ó bacharelato e á formación profesional específica de grao medio.

2.- Ás persoas que superen pola modalidade de ensinanza de adultos os obxectivos xerais establecidos para as ensinanzas de bacharel e ciclos formativos de grao medio e superior, expediráselles o título de bacharel e os títulos de técnico e técnico superior respectivamente.

3. Todo alumno adulto deberá recibir, cando o solicite, unha acreditación do centro educativo na que consten os niveis e módulos cursados e maila cualificación obtida.

### Disposicións adicionais

#### Primeira.-

O actual título de graduado escolar permitirá acceder ó segundo ciclo das ensinanzas de nivel III de educación secundaria de adultos e terá os mesmos efectos profesionais có título de graduado en educación secundaria.

#### Segunda.-

Os alumnos de bacharelato que esgoten as convocatorias previstas para o réxime ordinario no Decreto 275/1994, do 29 de xullo, poderán continua-los seus estudos de bacharelato por calquera das modalidades da ensinanza de adultos.

#### Terceira.-

Os alumnos de formación profesional específica que esgoten as convocatorias previstas no Decreto 239/1995, do 28 de xullo, para realiza-las actividades programadas para un mesmo módulo profesional, poderán continua-los seus estudos por ensinanza de adultos.

### Disposición derrogatoria única

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango que se opoñan a este Decreto.

## Disposicións derradeiras

Primeira.-

Autorízase o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las disposicións que sexan precisas para a aplicación do disposto neste Decreto.

Segunda.-

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia Santiago de Compostela, once de marzo de mil novecentos noventa e nove.

## ANEXO

**Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións, dos cursos do sistema educativo da Lei 14/1970 e do sistema ordinario da educación secundaria obrigatoria cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas.**

Sistema educativo Lei 14/1970	Sistema ordinario ensino básico	Sistema de educación secundaria para persoas adultas
Sexto de educación xeral básica	Sexto de educación primaria	Nivel II
Sétimo curso da educación xeral básica	Primeiro curso da educación secundaria obrigatoria	Primeiro módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento. Nivel III
Oitavo curso de educación xeral básica e título de graduado escolar ou certificado de escolaridade	Segundo curso da educación secundaria obrigatoria	Segundo módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento. Nivel III
Primeiro curso de bacharelato unificado e polivalente con dúas materias pendentes, como máximo, ou primeiro curso de formación profesional de primeiro grao.	Terceiro curso da educación secundaria obrigatoria.	Terceiro módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento. Nivel III
Segundo curso de bacharelato unificado e polivalente ou segundo curso de formación profesional de primeiro grao e título de técnico auxiliar.	Cuarto curso de educación secundaria obrigatoria	Cuarto módulo dos ámbitos de coñecemento. Nivel III.
	Título de graduado en educación secundaria	